Esta mañá, a casa do concello de Verín acolleu a Mesa de Comercio Local coa finalidade de valorizar e promover o comercio de proximidade na vila.

A mesa estivo presidida polo alcalde de Verín, Gerardo Seoane e estiveron presentes: María Isabel González, concelleira de Comercio Local; José Ángel Rodicio, xerente da Asociación de Comerciantes de Verín; Ariadna Gil, presidente da Asociación de Mulleres Rurais e de Consumo “O Recuncho” e Manuel Losada, en representación da Xunta Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Ourense.

Durante a reunión presentouse plan de actuación da Asociación de Empresarios de Verín para o ano 2020, co que se pretende -entre outras cousas- incrementar o comercio e as ferramentas de promoción e venda, facendo especial fincapé na dixitalización, e informouse sobre as actividades realizadas durante o ano 2019.